



Catro anos de xornadas



O departamento tecnolóxico-práctico de Automoción do I.F.P. de Ribadeo dentro do seu amplo programa de relación coas empresas do sector do automóbil e dos centros que imparten o ensino de automoción en Galicia, organizará por quinto ano consecutivo as Xornadas Técnicas de Automoción, actividade que supón un elemento clave na formación continua de todo o profesorado da rama de automoción a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ó longo das catro edicións, máis de 30 empresas deste sector pasaron polo I.F.P. de Ribadeo, sendo cerca de 300 os profesores dos distintos centros de Formación Profesional que teñen participado.

A importancia destas Xornadas supón que ano a ano o número de participantes aumente considerablemente, sendo esta a única actividade das súas características que se realiza no territorio nacional.

Na semana do 11 ó 15 de setembro o I.F.P. acollerá as V XORNADAS TÉCNICAS DE AUTOMOCIÓN. Este anos as empresas participantes serán: Repsol Distribución, S. A., Lucas, S. A., Manufacturas Fonos, S. L., Renault Comercial España, S. A., Renault V.I.S.A., Citroën Hispania, S. A. A parte dos coñecementos técnicos impartidos polos distintos especialistas destas empresas hai que destacar a importancia da xuntanza de todo o profesorado facendo un intercambio das súas experiencias didácticas.

Departamento Automoción.

PROFESORADO PARTICIPANTE NAS XORNADAS T. AUTOMOCIÓN

1992	1993	1994	1995
45	60	75	90



- * HAMBURGUESAS
- * PERRITOS
- * BOCADILLOS
- * RACIONES
- * TABLAS


PLATOS COMBINADOS

Avda. Calvo Sotelo, 34 y
R/ San Miguel, s.n.
27700 RIBADEO



**DISCO
BAR**


RIBADEO



Suso de Toro

novos narradores:

EDIPO NON FOI A MONDOÑEDO



Suso de Toro.

Xesús Miguel de Toro Santos, coñecido literariamente como Suso de Toro, naceu en Santiago de Compostela o ano 1956. Os ambientes sociais da Compostela suburbana, do mundo dos bares e cafés en que traballaron todos os irmáns desde moi novos, estarán moi presentes no conxunto da súa obra narrativa, convenientemente transformados. Dous dos seus cinco irmáns están tamén relacionados coa Literatura, pois Antonio é profesor de inglés na Universidade da Coruña e Xelís constitúe unha auténtica promesa da narrativa galega máis recente coa publicación de **Seis cordas e un corazón** e **Non hai misericordia**.

Suso de Toro empeza a profundizar no traballo literario despois da Transición Política e en 1982 consegue un accésit no premio Modesto R. Figueiredo de narracións curtas do conto "De 10 a 11". A partir deste momento vai dar a luz unha obra bastante voluminosa, que se viu favorecida polo éxito da crítica e do público, a pesar de que trata de elaborar unha narrativa pouco convencional, á marxe das tendencias dominantes na narrativa galega de posguerra. En 1983 obtén o premio "Galicia" da Universidade de Santiago co libro de relatos **Caixón desastre**; no ano 1987 gaña o Premio da Crítica co volume de contos **Polaroid** e queda finalista do "Premio Xerais" de novela con **Land Rover** (1988), a novela que o consagrará definitivamente como un dos autores máis

interesantes da narrativa galega recente. En 1990 publica, na colección "Negra" de "Edicións Xerais", a novela **Ambulancia**, na que se adscribe ás regras deste xénero narrativo, pero sen abandonar o seu universo narrativo peculiar.

Paralelamente aos cultivos da narrativa, Suso de Toro escribiu guións para a radio e a televisión, colaborando ata a actualidade en numerosas publicacións periódicas galegas con artigos sobre cuestións de arte, literatura e política. No volume **F.M.** (1991) recolleu unha selección de artigos publicados entre os anos 1988 e 1991, que constitúen a mellor introducción ao seu universo narrativo pois deixa constancia nel dos seus temas predilectos e dos seus criterios estéticos, en especial das súas ideas respecto á literatura galega. No ano 1992 edita, cecais, a obra máis profunda e traballada de toda a súa creación literaria: **Tic-tac**.

En 1991 publica o volume de entrevistas **Camilo Nogueira e outras voces** no que realiza unha crónica da evolución da esquerda nacionalista de posguerra a través das conversas do líder de Esquerda Galega. Os últimos libros de Suso de Toro son **Un pouco de cinza** (1992), unha selección de textos breves de carácter descritivo sobre a cidade de Santiago, na que aparecen as rúas, prazas, monumentos e os seres anónimos que habitan a cidade, sempre presentados con desenfado e grande orixinalidade e a súa última novela **A sombra cazadora** (1994). Suso de Toro forma parte da xeración literaria dos escritores nados ao longo da década dos cincuenta, que se dan a coñecer ao público nos últimos anos da década dos setenta e primeiros dos oitenta. Moitos destes narradores manifestáronse, primeiramente como contistas a través dos premios anuais Modesto R. Figueiredo, e máis tarde como novelistas a medida que se vai normalizando a vida literaria de Galicia ao longo dos anos oitenta. Suso de Toro é un dos máis destacados narradores dunha promoción literaria que conta, entre outros, cos seguintes autores: Víctor F. Freixanes (1951), Xosé de Cora (1951), Darío Xohán Cabana (1952), Xosé Miranda (1952), Xosé Ramón Pena (1956), Antón Reixa (1957), Manolo Rivas (1957), Alberto Avendaño (1957), Xavier Queipo (1957), Cid Cabido (1959), Xelís de Toro (1962).

CARACTERÍSTICAS DA SÚA OBRA

Entre as principais características da obra narrativa de Suso de Toro podemos salientar as seguintes:

- Vontade consciente de ruptura coa tradición narrativa galega, de aí a loita ou a parodia do universo de

autores consagrados como Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro, e a reivindicación doutros narradores galegos marxinados pola crítica, como Eduardo Blanco Amor.

- Modernización da técnica literaria coa incorporación ao galego das conquistas formais dos autores que efectuaron a revolución novelística do s. XX (James Joyce, W. Faulkner...). A preocupación teórica queda ben de manifesto no conxunto de artigos xornalísticos reunidos en **F.M.**

- Incorporación de técnicas e temas procedentes dos modernos medios de comunicación de masas: cine, radio, cómic, etc. A influencia do cine percíbese tanto na montaxe da estrutura novelística como no tipo de descrición obxectiva coa predilección de planos curtos.

- O seu universo narrativo é sempre urbano ou suburbano, e ten como núcleo básico a cidade de Santiago. As personaxes que poboan os seus contos e novelas correspóndese case sempre coas clases populares. Hai que sinalar a súa preferencia polos bares e cafés como lugares de encontro e reunión das personaxes.

- Vontade de plasmar, desde un punto de vista profundamente crítico, as transformacións económicas e culturais que teñen lugar na sociedade galega actual. Algúns críticos emparentaron o seu estilo co "dirty realism" americano.

- Presencia do humor e da ironía como unha forma de distanciamento, destinado a amortecer o carácter dramático dalgúns temas.

- Intento de explorar as posibilidades expresivas dun baixo nivel de lingua, seguindo o maxisterio de Blanco Amor. Dá acollida a unha lingua pouco literaturizada, de aí que abunden as frases feitas, as imprecacións, os xogos de palabras, as letras de canción de moda...

- Claro compromiso político de esquerdas e galeguista, aínda que non se manifesta no tratamento das diferentes historias porque non ten intención pedagóxica ou partidista.

- Grande capacidade para captar a atención do lector desde o principio da novela.

ALGÚNS TEXTOS

ASÍ FOI, DOUTOR

-Hola, bos días.

Miroume un momento e logo volveu a vista ós papeis que tiña diante. Era un home fraco e calvo con restos de pelo branco nos lados da cabeza. Tiña uns anteollos prateados e nariz afiado. O tipo facíase o xordo, non se quería dar por enterado de que eu estaba alí. Na mesa tiña un décimo de lotería e un listado dos números premiados. Víase que era un home con aspiracións de mellorar.

Achegueime a unha silla libre diante da súa mesa e senteime. Miroume como se me vise agora por primeira vez.

- ¿Que quiere?.

- Viña poñe-lo meu nome en galego.

- ¿Cómo?.

- Que viña cambia-lo meu nome do castelán para o galego.

- Pero hombre, no le entiendo, ¿Qué le pasa con su nombre?, ¿Está mal?, ¿Usted que quiere?

Aí, aí, que aínda ía ser certo que era xordo.

- Pero, oia, ¿seica está xordo?.

- No, señor. Tengo un oído excelente. Lo que ocurre es que no acabo de entender lo que pretende usted exactamente. No sé a donde quiere llegar.

- Pois como non llo diga en inglés...

Mire, o nome co que eu figuro no rexistro civil é "José". Ata aí entende. ¿non sí?.

- Le estoy entendiendo perfectamente. Siga.

- Ben, Pois onde di "José" eu quero que poña "Xosé". Non sei se me expliquei ben ou lle quedou confusa esta última parte.

- No me sea irónico, que así no se le va a ninguna parte. En resumidas cuentas, que usted lo que pretende es traducir su nombre al gallego.

- Aí quería chegar eu. O que pasa e que non me saía.

- Ya veo. Verá, yo no me quiero meter en lo que no es de mi incumbencia, pero dígame ¿no le gusta su nombre? José es un nombre muy bonito. Yo mismo me llamo José. Y mi hijo mayor que es abogado.

- Encantado, tanto gusto. - Ofrecinlle a man sobre a mesa. El vacilou e logo deume a man. Sacudinlla forte. -Mire, señor José, nin me gusta nin me deixa de gustar o meu nome, pero eu quero que figure en galego.

- Ya. Ya veo. Pero total, a usted que más le dá. si usted quiere llamarse "Xosé", ¿quién se lo impide? Es libre de firmar como quiera.

- Xa. pero eu quero que ademais de chamarme eu a min mesmo "Xosé" figure así nos papeis. Que se recoñeza o meu nome.

- Ya. Como los travestis, que se operan y luego quieren que se les reconozca el cambio de sexo.

Mira que vacilón era o tipo aquel. Seguro que fora tropezar cun vacilón. Mira que teño eu mala sorte para os asuntos da administración, se ata fixen a mili en Ceuta, carallo.

- Pois supoño que debe ser algo parecido ó dos travestis... Tamén a un solteiro cando casa hai que lle facer constar no rexistro o cambio de estado civil. Os casados tamén son un pouco travestis, -e mirei para o anel de casado na súa man.

- Déjelo, no venga con ironías. Además, allá usted, cada uno hace lo que quiere con su vida privada.

- Efectivamente, así que non me tolee máis a cabeza e déame un impreso ou o que sexa para solicita-lo cambio.

Quitou os lentes e fregou os ollos. Apoouse no respaldo da silla, volveu poñe-los lentes e miroume pensativo.

- No le entiendo. Aí Señor, Señor, yo a usted no le entiendo. - Achegouse a min sobre a mesa buscando unha intimidade inesperada. Falou baixo con ton cómplice -vamos, entre nosoutros. Entre hombres, de tú a tú.

Dígame la verdad, ¿a usted le llama realmente alguien "Xosé"? ¿Non lle pasa como a min que todos me chaman Pepe? Dígame a verdade.

- Si, home. Claro que me chaman Pepe. Pero que ten que ver unha cousa coa outra... Eu quero figurar a tódolos efectos legais como o "Xosé" que son.

- Ya... Como los travestis, - dixo retirándose atrás.

- Efectivamente, como os travestis.

- O sea que lo suyo es debido a sus ideas.

- Pois si señor. O meu é debido as miñas ideas. O meu idioma é o galego, o idioma do meu país é o galego, e eu quero dentro e fóra do meu país chamarme "Xosé". En galego. Non sei si me explico.

- Se explica perfectamente. No me malinterprete pero es sorprendente como las ideas políticas pueden esclavizar a una persona. Y eso que usted parece un persona con estudios.

- Por iso, precisamente por iso...

- Tiene usted razón. A veces son más fanáticas las gentes estudiadas que las personas simples, la gente del pueblo. Que lo mismo le dá llamarse José o Filiberto. Hay que ver...

- O que hai que ver é que xa levo aquí un cuarto de hora de palique e aínda non sei que teño que facer para poñer-lo meu nome en galego. E supoño que vostede estará aquí para iso...

- Tranquílese, hombre, que será atendido. No me sea maleducado. tranquílese.

Ergueuse e dirixiuse a un armario, abriuno e meteuse tras da porta a enredar dentro. Seguro que non buscaba nada, seguro que facía o tempo. Aquel tipo íame acabar cos nervios. De súpeto asomou de detrás da porta do armario e dirixiuse a min con ánimo de súplica.

- ¿Pero usted pensó en sus padres? ¿usted pensó en el disgusto que les quiere dar? ¿A qué no pensó en ellos?, Dígame.

Incrible. Aquel home era increíble. Un home así podía dirixir exércitos, arrasar países. Era indestructible, como Terminator, como Robocop, como Mazinger Z. Era Superman entrado en anos. Empecei a rezar unha Avemaría a San Kafka.

- Por favor... Que me vai facer chorar. Deixe en paz ós meus pais e dígame que teño que facer para poñer-lo meu nome en galego.

Sentouse de novo na súa cadeira e faloulle con reconversión.

- Llorar si que los va hacer llorar usted a ellos. Menudo disgusto les va a dar. Usted no sabe lo que es tener hijos, lo que se les quiere.

- Pero home de Deus, se teño dous fillos. Deixe ós meus pais e ós meus fillos e dígame que papel cubro.

- ¿Usted no pensó con cuanta ilusión le escogieron sus padres el nombre? Seguro que es el nombre de su padre y que quiso que también usted se llamase como él. "Un hijo con mi mismo nombre, José. Alguien que me perpetúe, que lleve mi nombre cuando yo falte", dixo con voz apagada e mirando para o teito con cara de dor. Aquel

home era un actor extraordinario. Por un momento pensei no meu pobre pai no leito de morte padecendo os últimos sufrimentos. A boca entreaberta, a ollada xa sen brillo, suplicándome xa sen forzas que non puxese o meu nome en galego. De súpeto caín na conta de que meu pai vivía e con moi boa saúde. Aquel home era máis que un actor, era un hipnotizador.

- Mire o meu pai chámase Victoriano e acabo de deixalo no bar tomando un vermú, así que non me tolee máis. Veñan os papeis ou o que faga falta cubrir.

Ergueuse con enerxía e ademán toureiro e sinaloulle cun dedo da súa enrugada man. Sentín como me apuntaba aquel dedo acusador.

- ¡Usted es un fanático! ¡Como quiera! Allá usted y las consecuencias que le deparen sus actos. Pero no piense ni por un momento que es usted más gallego que yo. El amor por mi tierra está más allá de mi mismo y de mis propios deseos o dudas.

Que ben falaba. Despois de todo seguramente era sincero no que dicía, parecía emocionado. Estábame empezando a sentir culpable. Eu non quixera acusalo ou dudar do seu amor pola terriña, estábame malinterpretando.

- Mire, tamén eu sei falar en galego. - Dirixiuse á fiestra e mirou a través da cortina para un xardín que se entrevía. Falou con voz soñadora. Sempre que vou ó campo e falo cos paisanos falo en galego. A marela, o carro, a fonte,... A lingua que mellor expresa os sentimentos máis nosos.

- Deu a volta e dirixiuse a min - Pero galego verdadeiro, eh. O enxebre. Non ese inventado agora polos profesores que non o mamaron. ¿Vostede mamou o galego?, ¿eh?, ¿mamouno?

- Home, algo sempre se mama... Pero pouco, gustárame telo mamado máis.

- ¡Haino que mamar, haino que mamar! É a única maneira de ser verdadeiro galego. ¡Qué máis da o que un fala despois! O que o mamou xa é galego para sempre, aínda que non o queira está marcado. Aínda que fale castelán sempre, aínda que se chame José. Eses son os verdadeiros galegos, -dixo dorido e con paixón. Despois quedou en silencio. Eu non sabía que facer para desculparme ante aquel home.

- Desculpe se o ofendín. Non era a miña intención dudar do seu amor por Galicia. Nin por un momento. Mire, se me dera un papeño para o cubrir o do nome...

- ¿Qué?

- O do nome... Para pasar de "José" a "Xosé".

- ¿Pero aún persiste...?

- Verá, é que xa o teño moi falado coa muller e agora non lle vou dicir que cambiei de idea despois de telo tan discutido. Ademais que son moi cabezón e como se me meta unha idea...

- Vale, allá usted. No quiero ser yo quién le ponga obstáculos a su decisión, hágalo si quiere. - Sentouse e púxose de novo a mira-la lista de números premiados na lotería. Eu estaba algo confuso.

- ¿Pero logo non me vai dicir o que teño que facer ou dar algún papeliño para cubrir?

Levantou a vista do que tan atento lía e miroume con cara de sorpresa e un punto de indignación.

- ¡Para eso vaya usted a donde tiene que ir!

- ¿Pero logo non é aquí?

- Pero hombre, ¿No ve que aquí es el juzgado número dos? Para eso tiene que ir a la ventanilla del Registro Civil.

Aí foi, doutor, cando sentín esa dolor tan forte no peito. Polo que me contaron coido que perdín o coñecemento.

VECIÑA

Se pensades que a vosa vida é chunga é porque non ceñecedes a do meu pequeno veciño Juan Francisco. Iso si que é unha película.

Guión, dirección e produción a cargo da nai.

Todos somos veciños, espectadores e compinches das vidas dos outros inquilinos. Pero deixádeme que vos conte desta ama de casa, nova, baixiña e de gafas, amable e educada cando vai contigo no ascensor, e do seu particular Mr. Hide. Xa sei que todos tendes algún defectiño, pero o dela é moito.

A súa transformación ten lugar ás nove da mañá. Posuída dalgún demo non para de berrar en frecuencias inéditas de voz imprecacións ao tal Juan Francisco, o fillo de sete anos. O rapaz recibe ameazas tales como: "¡Voute mazar ben mazado! ¡Hai que lavarse mellor, eh, animal! ¡Hai que almorzar lixeiro, eh, lesma! ¡Voute tirar pola ventá como non acabes! ¡Vou acabar contigoooo! ¡voute mallar a paos! ¡vouche arrincar a pell! ¡voute mazar coma un polbo! ¡Vaiche quedar a man sen dedos!.

¿Fíxolle o infante algo algunha vez á súa nai que o traumatizou? ¿Descarga a nai nel reproches contra o pai ausente, seguramente embarcado nun barco lonxano? Calquera sabe. Eu sinto como propia a dor de Juan Francisco que acorda do sono, vístese, lávase, peitéase e almorza o seu tazón de Nesquik con galletas entre ameazas. Pero tampouco podo aturar indefinidamente ese castigo inhumano, así que comprenderedes que hoxe pola mañá me asomara ao patio de luces e berrara: "¡Mátao, carallo, mátao dunha vez e acaba. Que xa está ben!". Un ten corazón, pero tamén ten un límite.

RIIING!

¿Que?. ¿Que tal de fin de semana? ¿Vistes moita tele?. A ver, sentádevos cada un no seu sitio. Imos facer a figuriña dun can coa plastilina. Fernandito non lle turras do pelo a Vanessa/ ¡Silencio os do fondo! A ver. Quen é o listo ou lista que lembra a lei da gravidade. Moi simpático Figueiras, moi pavero. Anda, vaimos buscar un xiz antes de que te mande a ti grave para o hospital./ ¿Como que non demos os polinomios, Fungueiriño?. Claro que demos os polinomios, levamos tres días falando dos polinomios. Acabádesme coa saúde. A ver, ¿quen sabe para que serve un polinomio? / Hoxe, estamos todos

un pouco cansados, eh Puga. Veña, rematamos isto e pasamos a falar doutra cousa. Le ben. An-zro-pu e non atopou, Puga. An-zro-pu e non antropou. Que xa estamos a final de curso que xa me está parecendo que fixen o parvo todo o curso e que non aprendestes nada, Puga / A ver quen fai a figuriña máis bonita. Moi ben, Llasmina, moi ben. Moi bonito o canciño. Claro, mujerciña, un perrito es un canciño. Vanessa, queres deixar de darlle patadas a Fernandito. E agora imos cantar a canción dos números / ¿Cómo que non sabes o que foi a revolución industrial, Fernández?. ¿Tí tampouco, Maneiro?. Estamos a final de curso e non sabemos o que é a Revolución Industrial. Que razón tiña Bolívar cando dixo aquilo de "he arado en el mar." ¿Tampouco sabedes quen é Bolívar?. / Pena, vai ver que lle pasa a Figueiras que non volve co xiz. Imos repasar logo a lei da gravidade, que xa me parece que estou aquí facendo o parvo.

Comentario de texto: (Copiade).

1- Significado das palabras das palabras: gravidade, polinomio (podédesvos axudar do diccionario). Tamén dentro da mesma pregunta, ¿Quén era Bolívar?

2- ¿Que pensas que quixo contar o autor neste texto?. ¿Que quere dicir a expresión "He arado en el mar"? ¿Que procedimento literario usa o autor no texto?

3- ¿Que opinas ti do traballo do ensinante?.

Xa tocou o timbre. Podédes saír. Hala, a correr por aí.

Enrique Serto Aguiar.

ELECTRODOMÉSTICOS

TELE - ACÚSTICA

Soluciones a su medida en:
MÁQUINAS DE ESCRIBIR ELECTRÓNICAS

TV - VIDEO - SONIDO - AUTO-RADIO
MICROONDAS - PEQUEÑO APARATO
ELECTRODOMÉSTICO
Y GAMA BLANCA
(Hasta 5 años de garantía)

* * * * *

Distribución oficial

PANASONIC - TECHNICS
SABA - SAMSUNG
OCEAN

Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, 27
Teléfono 10 07 55
RIBADEO
Servicio Técnico Propio

RECICLAR, A SOLUCIÓN

Cando unha comunidade inviste nun produto, logo tírao, paga por isto e por riba contáminase, algo vai mal. Pois isto é o que ocorre no noso país co lixo: cada galego produce uns 750 gramos ó día de residuos domésticos, e cóstanlle entre o 15 e o 20 por 100 do valor da cesta da compra, amais de pagar pola recollida municipal. E, por se fose pouco, sofre no seu propio corpo os efectos da contaminación fluvial, atmosférica e terrestre que produce: é o "efecto bu-merang".

Galicia, sabémolo todos, reborda lixo polos catro costados: campos, praias, foxos, rúas,... están convertidos en depósitos de plásticos, latas, papeis, xiringas,... sendo unha fonte de contaminación dispersa e un perigoso foco de infección, amais de provocar incendios.

A Xunta intentou timidamente solucionar parte do problema: decidiu investir 600 millóns de pesetas en trasladar-las 500.000 toneladas de lixo espallado, colocándoo en montóns.

O resultado está á vista...

Proliferan tamén os conflitos por situar "vertedoiros controlados": ningún quere o veneno preto da súa casa. Algúns tamén queren construír carísimas plantas incineradoras (10.000 millóns de pesetas), ignorando os problemas de saúde que ocasionan.

O papel é o compoñente do lixo que máis se recicla, e aínda é insuficiente: España faíno soamente co 40% do papel usado, podendo facerse co 85%. Debido a isto, mércanse no exterior 500.000 toneladas de papel usado por valor de 7.500 millóns de pesetas (ano 1989). As organizacións de trapeiros recolleron de casa en casa, preto dun millón de toneladas de papel.

Con este papel usado fabricouse papel reciclado, co que se aforrou, entre outras cousas, a vida de 15 millóns de árbores.

O papel reciclado fabrícase en distintas calidades, segundo o seu acabado e a porcentaxe e calidade do papel usado que o compón. Non ten por que ser amarelo ou basto: hoxe non se diferencia, nas súas calidades medias-altas, do papel normal.

É normal que teña, na esquina inferior, o símbolo do papel reciclado, para así dar a coñece-lo valor educativo que ten o uso do papel reciclado. Folios, cadernos, revistas, sobres, carpetas, carteis, xornais,... fanse en papel reciclado, contribuíndo así a un mundo mellor.

Galicia reborda lixo polos catro costados: campos, praias, foxos,

Có reciclaxe e o uso do papel reciclado, evitamos:

- A deforestación dos nosos bosques, pois para elaborar 1 Kg. de papel normal, necesítanse 2 kg. de madeira.

- A instalación de novas celulosas, que traen consigo o envenenamento de ríos e mares, a contaminación aérea e terrestre e outros moitos problemas derivados do seu aprovisionamento.

- A prantación nos nosos montes de monocultivos de eucalipto e piñeiros e os incendios

forestais que por causas moi diversas se producen dende que eses monocultivos están implantados na nosa terra.

- O avance desmesurado dos basureiros, que cada día que pasa é un problema máis grave, a solución pasa polo RECICLAXE.

- O despilfarro de enerxía e auga na fabricación do papel normal.

"Por estas e outras razóns, apúntate á RECICLAXE."

USA PAPEL RECICLADO, POR UN MUNDO LIMPO E SANEADO

¿Cantas árbores se precisan para fabricar unha tonelada de papel?

Para fabricar unha tonelada de papel precísanse dúas toneladas de madeira limpa ou ben 3 1/2 toneladas de madeira en bruto, equivalente a 13 árbores.

Si temos en conta os millóns de toneladas de papel que se consume anualmente no mercado, obtemo-lo sobrecolleitor dato dunha destrución por tala de árbores de 110.000 quilómetros cuadrados de bosque, e ésta cantidade aumenta cada ano mentres que as árbores diminúen.

Por unha razón ou por outra xa se cortaron as dúas terceiras partes dos bosques con que contaba Sudamérica e a metade dos de África.

¿Cantas árbores se precisan para fabricar unha tonelada de PAPEL RECICLADO?

Para a fabricación de Papel Ecolóxico Reciclado 100% "RECIPAPEL", non se precisa madeira, xa que se parte como materia prima do recorte de papel recuperado e seleccionado.

Debido a esta selección no recorte de papel utilizado, a brancura e as características que se obteñen no "RECIPAPEL" son similares ás do papel de fabricación con pasta de madeira.

Para a fabricación do papel Ecolóxico reciclado 80% "RECIPAPEL", chégase a utilizar como máximo ata un

MATERIAS PRIMAS E ENERXÍA PARA FACER 1 TM DE PAPEL

	PRIMEIRA CALIDADE	PAPEL CORRENTE	RECICLADO
BOSQUE	 5'3Ha 2.400kg	 3'8Ha 1.700kg	 PAPEL VELLO
AUGA	 200.000 LITROS	 100.000 LITROS	 2.000 LITROS
ENERXÍA	 7.600 Kw/H	 5.000 Kw/H	 2.500 Kw/H

20% de materia prima derivada directamente da madeira.

¿Canta auga se precisa para fabricar unha tonelada de papel?

Por cada tonelada de papel precísase 100.000 litros de auga limpa, é dicir, máis ou menos, a cantidade que consumen diariamente 500 persoas.

Por outra parte, por cada tonelada de papel fabricado, descárganse 10.000 litros de auga fortemente contaminada, que, en moitos casos, vai parar ós ríos ou directamente ó mar, acabando con tódolos seres vivos que teñen a desgracia de ser alcanzados polas súas influencias.

¿Canta auga se precisa para fabricar unha tonelada de papel?

A cantidade de auga que se utiliza, e se contamina, é 50 veces menor para a fabricación dunha tonelada de RECIPAPEL que para unha tonelada de papel fabricado con pasta de madeira.

Como facer papel reciclado.

- 1.- Rompe-lo papel en anacos pequenos.
- 2.- Botalos en auga templada.
- 3.- Deixalos repousar máis de 2 horas.
- 4.- Pasalos pola batidora.
- 5.- Poñelos 30 minutos en auga.
- 6.- Pasalos outra vez pola batidora.
- 7.- Sacarlle a auga cun colador.
- 8.- Estende-la pulpa sobre unha reixa e porlle un pano por riba.
- 9.- Prensar e pasala plancha para secar e aplanar as follas.
- 10.- Saca-lo trapo e deixar secar e enfriar completamente o papel.
- 11.- Recortar e facer cadernillos, sobres, adornos, etc.

"O papel non é lixo"

¿Que pode facer vostede?

A conciencia dos graves problemas medioambientais que padecemos vai aumentando nos nosos días. No Reino Unido, o 60% das amas de casa senten mal estar por tiraren tanto lixo e crearen tantos problemas. Mais, ¿Como actuar para aporta-la nosa parte sen movermonos da casa?

- Cómpre concienciarse, coñece-lo problema do lixo e dalo a coñecer.

- Reclame nas librería, papelerías e fotocopiadoras papel reciclado ecolóxico: haino de tódalas calidades e en tódolos produtos de papelería (folios, papel de ordenador,...).

- Non tire o papel e o cartón que teña na casa. Xunte un montón e chame ós trapeiros para que o recollan.

- Esixa no seu Concello que se recolla o lixo por separado. Vostede colaborará facendo paquetes diferentes para o lixo de papel, comida, vidro, plásticos e metais.

- Non merque produtos de usar e tirar (panos de mesa, de papel...).

* Non merque produtos excesivamente embalados: ás veces paga máis pola caixa que polo contido.


* Non use cueiros de tirar: tardan ¡500 anos! en apodrecer, amais de contaminaren entrementes.

* O único envase ecolóxico é o vidro reciclable.

* Aforre papel non o malgaste. Escriba nas dúas caras dos folios.

* Non use excesivamente as bolsas de plástico no supermercado; pois non podrecen e contaminan moito.

Susana Quintana, Begoña López.



Aproveitar o vento... e non esquecer o rumbo
RAFAEL DIESTE

RAFAEL DIESTE

Rafael Dieste naceu en Rianxo en 1899. Aos dezaseis anos emigra a México para voltar axiña a Galicia. Traballa no periodismo en Vigo, publica a súa obra en galego, e, durante a Guerra Civil, colabora nas revistas da zona republicana (*Hora de España, El mono azul...*)

Rematado o conflito, exíliase en Arxentina. A partir de 1950 exerce a docencia na Universidade de Cambridge e no Instituto Tecnolóxico de Monterrey (México).

Tras unha nova e breve estancia en Buenos Aires, regresa a Galicia en 1961. En 1970 publica o seu discurso de ingreso na RAG, *a vontade de estilo na fala popular*, onde expón as bases lingüístico-estilísticas da súa creación: achegamento á lingua popular depurándoa de castelanismos. Morreu no seu Rianxo natal en 1981.

Para axudar á renacementa da Galiza

Rafael Dieste

- * Non converter a galegüidade auténtica, a que xa non cabe no corpo, en simulacro de galegüidade.
- * Non faguer dunha leira a clave do dereito.
- * Non faguer do dereito unha leira.
- * Guindar os muros. Tender as máns.
- * Mais non deas armas aos enemigos da verdade, nin siquiera verdades. Daquela é mellor que non che entendan. Ou días de xeito que os desarmen.
- * Coidado coas verdades como puños. Poden non ser máis que simplezas como puños, erros que a xente quer ouvir... Non lle deas ese gusto.
- * Non confundir bárbaro con inxel. A boa cortesía nace da máxima inxeleza.
- * Non agardar agradecimento; pero agradecelo.
- * Sempre foron loubados os combatentes galegos. Diante do perigo, preto da morte, lonxe da intriga, as máis segredas e firmes virtudes da nosa raza móstranse enteiras ¡Honor aos nosos combatentes!

Dos arquivos do trasno:

Esta obra de Dieste debe centrar a nosa atención porque, ademais de ser escrita en galego e de constituir unha das súas primeiras publicacións, dános pé para introducir un xénero que tivo e ten un grande arraigo en Galicia: o relato literario ou conto. Será un relato moderno, posto que o autor abandonou o paternalismo narrativo para involucrar ó lector na intelixencia dos enigmas e situacións que se lle presentan. O libro, na súa primeira edición de 1926, comprendía oito contos, que son os que se axustan á pequena poética que encabeza a colección. Esta principia cun LIMIAR, no que se dan seis reflexións acerca do conto, con aforismos do que debe ser un conto; estes aforismos coinciden coas ideas de escritores como Poe ou Cortázar. A continuación deste limiar aparecen os oito contos con títulos tan significativos como "Encol da morte de Bieito", "A luz en silencio" ou "O vello moreno".

Na segunda edición (1962), o libro, presenta doce

contos máis, todos con características coincidentes cos anteriores. A temática e os personaxes destes contos están directamente relacionados cos galegos e coa súa forma de vida e os seus problemas (a emigración, as ausencias dos mariñeiros,...) en moitos deles aparece o mar, tan importante para Dieste e claramente relacionado coa súa vida e a súa vila natal: Rianxo.

Podemos apuntar, por último, que non se trata de contos realistas nin fantásticos, posúen a irrealidade necesaria para que resulte verdadeiro o que se conta, e esta "real irrealidade" constitúe unha liña permanente na obra de Dieste. Esta característica pode explicarse pola influencia da vangarda galega (durante as primeiras decenas do século) na súa formación literaria.

Como mostra do seu peculiar modo de narrar parécenos interesante aportar un dos seus orixinais contos, pertencentes a este libro, tan importante dentro da literatura galega:

NOVA YORK É NOSO

O neno tiña algo que lles dicir aos outros nenos que andaban a enredar coil na veiramar. Tiña algo que lles dicir, pero non remataba de dicilo.

Por veces poñía cara de malo, cheio como estaba daquel orgullo que non certaba a deixar ceibe. Hastra lle rabuñou a outro, así nun pronto, a lle brincar na cara os lampos dunha íntima fogueira. Esbandallaba tódolos xogos co aquel seu desacougo, mesmo como de gato alporizado por veciñanza de treboada. Era un raro rebuldar o seu, con súpitos enlevos.

Seu pai chegara aquel mesmo día de Nova York e os demais nenos non lle preguntaban nada, nin lle faguían máis mimo e respetos que outros días. Quizáis por iso, porque a pregunta non chegaba, foi polo que rabuñou a quen il coidaba que calaba adrede.

Sacou dun peto un asubío noviño, de forasteira feita e moito rebruñido, e púxose a chifrar cheo de coraxe. Nono quixo emprestar a ninguén e gardouno outra volta no peto, domeándose moito

ao enfondala man pra demostrar un peto fondo, coma os petos en que se gardan as millores cousas. Arredor dos seus ollos bulía unha surrisa dubidosa, ninguén sabe se mala ou supricante. mais non lle preguntaron nada.

Seu pai chegara de Nova York aquel mesmo día. Vírao desembarcar no peirán vello. Traxe azul. Viseira de carei. A cara forte coma unha proa. Branco e grande o dentamio. E nos ollos, afeitos a lonxanías e grandes rumos, ningunha fachenda.

Houbo un intre en que o fillo do navegante andivo a rentes de chorar. E as súas bágoas houbéranse disparado como frechas quentes e coraxudas. Pero non chorou. Ergueuse con mais cara de malo aínda, o peito en arco, a manciña pechada, os labres a tremer. Ergueuse así, garbo-so, o neno e dixo samente:

- ¡Nova York é noso!

Departamento Galego.

Fundada en 1.930

MP

FERRETERÍA INDUSTRIAL

PÉREZ MÉNDEZ, S. L.

**Suministros Industriales, Agrícolas,
Navales, Eléctricos y Hogar
Alquiler de Maquinaria**

**VIRGEN DEL CAMINO, 24
TELÉFONO 11 04 01
RIBADEO (LUGO)**

**AVDA. GALICIA, 2
TELÉFONO 63 40 66
VEGADEO (ASTURIAS)**